

## Un pergameo da tradución ó galego das Partidas de Afonso X o *Sabio* no Museo de Pontevedra

No catálogo da documentación medieval do arquivo do Museo recompilado por M<sup>a</sup> Jesús Miramontes figuraba que como cuberta dun Libro do Concello de Pontevedra de 1573-1575 se reaproveitara unha folla de pergameo, en moi mal estado de conservación e con textos de natureza xurídica.

Durante once anos, en visitas ó Museo, os profesores Martha E. Schaffer e Arthur L. -F. Askins das universidades de San Francisco e de California en Berkeley respectivamente intentaron, sen éxito, consultar o devandito pergameo para incluílo na Bibliografía Antiga de Textos Galegos e Portugueses (BITAGAP), que á súa vez forma parte dun proxecto moito máis amplo cuxa aplicación informática se denomina PHILOBIBLON. Unha revisión profunda dunha parte dos fondos do arquivo do Museo permitiu localizar o pergameo, que se encontraba totalmente fóra da colocación orixinal.



O pergameo antes da súa restauración

O achado motivou unha nova visita dos citados profesores, a finais de maio de 2010, que comprobaron, estudaron e certificaron o que xa nun principio sospeitaban.


O pergameo é un bifolio da tradución ó galego das Partidas de Afonso X o *Sabio*, polo que é posterior a 1265 aínda que parece que non moito máis tardío. Corresponderíase coa dobra central do conxunto.

Está escrito a dobre columna, en escritura gótica textual e utiliza tres cores de tinta; marrón para o texto, vermello para encabezamentos e azul nalgunha inicial..



O pergameo despois da súa restauración


O fragmento conserva a dobrez orixinal, aínda que para adaptalo á súa función de cuberta se pregaron os lados superior e inferior, desprazouse a dobra central e cortouse un fragmento lateral. Dado o mal estado en que se encontraba o documento, procedeuse á súa restauración en que tras a limpeza e alisamento da pel, se fixo unha reintegración das partes que lle faltaban.



Detalle do texto orixinal

En canto ó contido, abrangue desde o final do capítulo 4º ou 5º ó principio do 14º ó 15º do duodécimo título da quinta partida de Afonso X o Sabio, relativo á fianza dos contratos entre persoas. Aínda que está pendente a confirmación, parece que o

fragmento que se conserva no Museo podería ter unha correspondencia co que se achou no Arquivo do Reino de Galicia.



Título do *Libro del Ayuntamiento del año de 1573* sobre o texto do s. XIII

Actualmente o *Libro del Ayuntamiento* ten a signatura A. Xeneral, 9-12 e, por motivos de conservación a cuberta almacénouse no Planeiro, 12-14.

M<sup>a</sup> JESÚS FORTES ALÉN  
Arquiveira do Museo